

Denominación	<b>SIUSS</b>
ficheiro	
Motivo da supresión	Creación dun ficheiro que inclúe estes datos de carácter persoal
Destino	Estes datos de carácter persoal pasan a formar parte do ficheiro de nova creación “Beneficiarios de servicios sociales”

R. 05653

### Anuncio

En sesión plenaria ordinaria celebrada polo Concello de Lugo o día 4 de maio de 2009 aprobouse inicialmente o acordo relativo á “ORDENANZA REGULADORA DO REXISTRO MUNICIPAL DE SOARES E EDIFICACIÓNS QUE CÓMPRE REHABILITAR NO CONCELLO DE LUGO”, someténdose, con posterioridade, ós trámites regulamentarios, sen que se formularan alegacións, polo que, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, a dita aprobación inicial quedou elevada a definitiva, dándose conta desta circunstancia no Pleno do día 7 de setembro de 2009.

O referido acordo será remitido á Administración do Estado e á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, para os efectos previstos no artigo 65 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a ordenanza aprobada entrará en vigor unha vez publicado integramente o seu texto no BOP e transcorrido o prazo de quince días hábiles dende a recepción da súa comunicación ás antetidas Administracións.

O que se fai público para xeral coñecemento, significando que, contra o acordo elevado a definitivo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte a aquél en que se publique o presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, faise público o texto da devandita ordenanza que, copiado do acordo de aprobación inicial anteriormente mencionado, e o que a continuación literalmente se transcribe:

“ORDENANZA REGULADORA DO REXISTRO MUNICIPAL DE SOARES E EDIFICACIÓNS QUE CÓMPRE REHABILITAR NO CONCELLO DE LUGO.

O artigo 47 da Constitución Española ordena ós poderes públicos promover as condicións necesarias e establecer as normas pertinentes para facer efectivo o dereito dos españois a unha vivenda digna e adecuada, regulando a utilización do solo de acordo co interese xeral para impedir a especulación.

Precisamente, un dos obxectivos esenciais das máis modernas políticas públicas en materia de vivenda, especialmente nas grandes cidades, é potenciar a existencia dunha suficiente oferta que permita, por unha parte, garantir o efectivo exercicio por parte dos cidadáns, especialmente daqueles con menor capacidade económica, do citado dereito de acceso a unha vivenda digna e adecuada e, por outra parte, que isto teña lugar no marco dunha conxuntura económica de contención de prezos no mercado inmobiliario. Para a consecución destes obxectivos considérase necesario fomentar a utilización daqueles mecanismos xurídicos cuxa función consiste en garantir o cumprimento dos deberes urbanísticos de edificación e conservación que pesan sobre o propietario, non só coa finalidade de cortar de raíz fenómenos especulativos, senón tamén para conseguir a revitalización de zonas urbanas que presenten algunha sintoma de degradación, preservar a imaxe urbana da cidade e garantir condicións adecuadas de salubridade e ornato público.

Un dos instrumentos urbanísticos tradicionalmente máis relevantes para o fomento da edificación é o rexistro municipal de soares, a que fai xa referencia a Lei de Soares do 15 de maio de 1945, e que seguen recollendo as posteriores Leis de urbanismo.

Así, a Lei de Réxime do Solo e Ordenación Urbana, do 12 de maio de 1956, refírese basicamente ó rexistro de soares nos artigos 142 ó 151, regulando o deber de edificar os soares, como tamén o fai o Regulamento de edificación forzosa e rexistro municipal de soares do 5 de marzo de 1964, na actualidade parcialmente derrogado.

Posteriormente, o Texto Refundido da Lei do Solo de 1976 regulaba a edificación forzosa nos artigos 154 e seguintes e, baixo a denominación de rexistro municipal de soares, reproducía o seu antecedente normativo.

Seguindo este percorrido, chégase á Constitución de 1978 cuxo artigo 33 recoñece o dereito á propiedade privada, se ben delimita o seu contido en relación coa función social que esta cumpre.

A Lei 8/1990, do 25 de xullo, sobre reforma do réxime urbanístico e valoracións do solo, nos seus artigos 63, 64 e 65 e baixo o título rexistro de soares e terreos sen

urbanizar, distingue entre a expropiación e o réxime de venda forzosa por incumprimento de deberes urbanísticos; esixe unha valoración do terreo segundo o grao de adquisición de facultades; establece un procedemento de adxudicación en virtude de concurso, etc.

O Real Decreto Legislativo 1/1992, do 26 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana, nos artigos 227 ó 236, baixo o título de rexistro de soares e terreos sen urbanizar, regula unha venda forzosa por incumprimento de deberes urbanísticos sempre que a Administración non opte pola expropiación; distingue entre soares e edificacións ruinosas e inadecuadas; esixe unha valoración do terreo ou da edificación ruinosas; prevé a división do rexistro en dúas seccións (soares e terreos sen urbanizar; edificacións ruinosas e inadecuadas); establece o carácter público do rexistro e regula detalladamente o procedemento de venda forzosa.

Declarada inconstitucional a maior parte do Real Decreto Legislativo 1/1992 pola sentenza do Tribunal Constitucional 61/1997, a lexislación estatal vixente na materia é a Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións, que establece con carácter básico o deber dos propietarios de edificar os soares en prazo, tanto en solo urbano (consolidado e non consolidado) como en solo urbanizable sectorizado e transformado, mentres que o seu artigo 19 obriga ós propietarios de todo tipo de terreos e construcións a mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato; non obstante, deixan de preverse as medidas concretas de intervención administrativa por seren unha competencia exclusiva das Comunidades Autónomas.

A Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia establece, no seu artigo 9, os deberes de uso, conservación e rehabilitación dos propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións, entre os que se inclúen:

a) Destinalos ós usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e consonte ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

Así mesmo, no capítulo primeiro do seu título VI, "fomento da edificación", nos artigos 188 e seguintes, recolle o deber dos propietarios de edificar os soares nos prazos establecidos nesa lei, que serán os fixados polos plans e, de non os haber, o de dous anos; as consecuencias do incumprimento do deber de edificar ou rehabilitar; e a posibilidade de actuación, ben directa a través dunha sociedade urbanística ou ben a través dun axente edificador.

Tamén debe terse en conta a regulación contida no Real Decreto 1.093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as Normas complementarias ó regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística, cuxo artigo 87 regula a nota marxinal acreditativa da inclusión dun predio no rexistro administrativo de soares.

A máis recente lexislación estatal tamén contén unha regulación do deber de edificar en prazo e do deber de manter as construcións en condición de seguridade, salubridade accesibilidade e ornato, así como do deber de realizar os traballos de mellora e rehabilitación ata onde alcance o deber legal de conservación. Neste sentido cómpre citar a Lei 8/2007, do 28 de maio, do Solo (arts. 6, 8 e 9) e o actualmente vixente Real Decreto Legislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo (arts. 6, 8 e 9.1).

Finalmente, serán de aplicación, con carácter supletorio, o Real Decreto 1.346/1976, do 9 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana e o Decreto 635/1964, do 5 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de edificación forzosa e rexistro municipal de soares.

Así mesmo, deben terse en conta as novidades introducidas pola lexislación autonómica, en concreto pola Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, pola que se modifica a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. Entre as modificacións que introduce está a relativa a nova redacción do seu art. 177, no que introduce un novo punto 2 segundo o seguinte tenor literal: "...Non se poderán allear ou permutar bens do patrimonio público de solo ata tanto este e o rexistro de soares se constituísen formalmente...". Tamén a modificación introducida no art. 189.2 na regulación das prórrogas do deber de edificar cando se trata de vivendas suxeitas a algún réxime de protección e a do art. 190.2 regulador da posibilidade de subrogación da Xunta de Galicia no caso de inactividade do Concello.

Pola súa banda, a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno Local, establece no seu artigo 25.2 que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas nas seguintes materias: d) Ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística...

O obxectivo desta ordenanza é a creación dun libro rexistro municipal de soares e edificacións que cómpre rehabilitar, regulando o obxecto, os prazos, o ámbito de aplicación e o establecemento das condicións e prazos da edificación forzosa, tratando de definir as obrigas dos propietarios de soares e inmobles en orde á súa edificación nos prazos que correspondan.

O ámbito de aplicación abrangue a totalidade do termo municipal de Lugo, xa que, malia que a situación de abandono de soares e edificacións en ruína está principalmente no ámbito do Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado da cidade de Lugo e a súa zona de influencia, tamén se dá noutros ámbitos da cidade.

## TÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS.

### Artigo 1. Obxecto.

Esta ordenanza ten por obxecto establecer os prazos en que os propietarios de soares, de edificacións declaradas en ruína ou inadecuadas e de construcións paralizadas deberán proceder á súa edificación, así como a

regulación do contido, organización e funcionamento do libro de rexistro de soares e edificios que cómpre rehabilitar e as consecuencias derivadas do incumprimento do deber de conservación ou edificación, ó abeiro do establecido no título VI, capítulo I da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

#### Artigo 2. Deber de edificar os soares.

De conformidade cos prazos e as condicións establecidas na lexislación urbanística en cada momento, os propietarios de soares e terreos sen urbanizar deberán de proceder a edificalos.

O deber de edificar afecta igualmente ós propietarios dos predios nos que existan construcións paralizadas, ruinosas, derruídas ou inadecuadas ó lugar en que radiquen, e estes deberán emprender a edificación nos prazos correspondentes. En caso de que o planeamento prohiba a substitución total ou parcial das edificacións existentes ou impoña a conservación de determinados elementos ou a súa rehabilitación integral, o deber de edificar entenderase como deber de rehabilitar, respectando, ó materializar os correspondentes aproveitamentos urbanísticos, os elementos dotados de protección.

No solo urbanizable e no solo urbano non consolidado, o prazo para o cumprimento do deber de edificar comezará a contarse desde a conversión dos terreos en soares.

Polo que respecta ó solo urbano consolidado, o prazo para o cumprimento do deber de edificar comezará a contarse desde a aprobación definitiva do planeamento urbanístico que conteña a súa ordenación detallada, aínda que os terreos non reúnan a condición de soar. Neste último caso, o deber de edificar abrangue tamén a obriga de dotar a parcela dos elementos de urbanización necesarios para que se converta en soar.

#### Artigo 3. Prazos para edificar ou rehabilitar.

Os prazos aplicables para o cumprimento do deber de edificar ou rehabilitar serán os establecidos na lexislación urbanística vixente en cada momento. Na actualidade de conformidade co establecido no art. 189 da LOUGA estes prazos serán os fixados polo planeamento xeral ou de desenvolvemento, en función da clasificación e cualificación do solo e das circunstancias específicas que concorran en determinadas áreas ou soares que serán apreciadas de forma motivada, e, de non os haber, o prazo será de dous anos.

Estes prazos non se modifican en ningún dos casos por consecuencia da transmisión da propiedade.

A declaración por causa imputable ó interesado da caducidade dunha licenza por consecuencia do incumprimento dos prazos previstos para o inicio, execución e terminación dunha edificación autorizada dará lugar a que o tempo transcorrido desde a obtención da licenza ata o da dita declaración compute plenamente para os efectos do cumprimento do deber de edificar.

O mesmo efecto se producirá no caso de que se declare o arquivo do procedemento de solicitude de licenza por causa imputable ó interesado.

Artigo 4. Excepcións á obriga de edificar nos prazos establecidos.

Por motivos de interese público, a administración urbanística municipal poderá:

a) Reducir os prazos para o cumprimento dos ditos deberes nos supostos de ruína inminente, risco de deterioración acelerado da edificación ou en función da importancia do edificio ou inmovible, coa debida xustificación en cada caso que se incorporará ó expediente contradictorio que se incoará para o efecto.

b) Conceder prórrogas cunha duración máxima conxunta dun ano, por pedimento dos interesados, por causas xustificadas e de forma motivada. Porén non poderán concederse prórrogas para construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección se xa se outorgasen licenzas para construír a metade da edificabilidade residencial destinada a vivenda libre prevista no polígono no que se localice o soar.

c) Previo o expediente tramitado para o efecto, poderá autorizarse ás Administracións Públicas e a outras entidades sen ánimo de lucro ou de carácter asistencial a reter sen edificar por prazos superiores ós anteriormente indicados os soares e terreos que posúan ou adquiren, cara a destinalos a futuras necesidades ou ampliacións xustificadas da súa actividade.

Artigo 5. Consecuencias do incumprimento dos deberes de edificar ou rehabilitar.

Se vence o prazo concedido para cumprir os deberes de edificar ou rehabilitar, incluídas as súas eventuais prórrogas, o Alcalde ou concelleiro en quen delegue decretará a inscrición obrigatoria no rexistro de soares.

Momento en que un predio pode inscribirse no rexistro:

Poderá inscribirse os predios descritos máis arriba, atendendo á súa natureza:

a) Soares propiamente ditos. Inscribiranse no Rexistro no momento en que finalizaron sen construír os prazos de edificación.

b) Construcións deficientes: Equiparadas ós soares, que se corresponden coas construcións paralizadas, derrubadas ou inadecuadas, e que accederán ó Rexistro no momento en que se declara esta equiparación para os efectos da carga edificatoria, e, polo tanto, para comezar a computar desde ese momento o prazo de edificación forzosa de dous anos en que a carga debe ser atendida polo propietario.

c) Edificacións ruinosas. Inscribiranse de oficio coa declaración de ruína no Rexistro de soares.

Procedemento para a inscrición:

Non iniciada a construción dentro dos prazos antes expostos ou, aínda iniciada, non desenvolta ó ritmo normal previsto, procederáse á inscrición conforme ó procedemento seguinte:

A.- Iniciación do expediente.

O expediente incoarase:

- a) Por iniciativa do Concello.
- b) A requirimento do órgano urbanístico, de oficio ou a instancia doutro organismo público.
- c) A instancia de calquera persoa ou entidade.

#### B.- Notificación do expediente.

Será preceptiva a notificación da incoación do procedemento non podendo os propietarios proseguir o proceso de urbanización e de edificación desde o momento da notificación. En tanto non se notifique ós propietarios afectados a iniciación do expediente declarativo do incumprimento de deberes urbanísticos, poderán aqueles iniciar ou proseguir o proceso de urbanización e edificación.

A notificación conterà:

- A identificación dos propietarios, coa conveniencia de acompañar nota simple do Rexistro da Propiedade, de constar inscrito neste.

- A definición do predio obxecto do expediente, con inclusión de todos os elementos que esixe o Rexistro de soares con documentación gráfica.

- A mención de todas as cargas ou gravames que puidera ter o predio, inscritas no Rexistro da Propiedade.

- A identificación de todos os interesados que puideran existir (arrendatarios, ocupantes, titulares de dereitos reais, etc.).

A incoación se notificará:

- Ós propietarios do predio.

- Ós arrendatarios, inquilinos ou ocupantes.

- Ós titulares de dereitos reais e situacións xurídicas inscritos ou anotados no Rexistro da Propiedade.

Así mesmo, publicarase no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia.

#### C.- Audiencia ós interesados.

Os interesados poderán alegar ante Concello no prazo de quince días, contados desde a última notificación ou publicación, o que tivesen por conveniente e achegar ou propoñer as probas oportunas.

#### D.- Resolución do expediente.

En todo caso deberá recaer e notificarse o acordo dentro do prazo de seis meses desde a incoación do expediente. Se transcorrido este prazo non se ditou resolución, o procedemento caducará, xa sexa a solicitude do interesado ou de oficio.

Transcorrido o prazo de audiencia e practicadas as probas que foran declaradas pertinentes, a Alcaldía ou concelleiro en quen delegue, tras os informes xurídicos e técnicos, resolverá:

- a) A declaración de incumprimento dun concreto deber urbanístico que motivou a incoación ou, se é o caso, a improcedencia de tal declaración.

- b) A orde de inscrición no Rexistro de Soares, por estar incurso nalgún dos supostos de inclusión (soares

non edificados, construcións paralizadas, ruinosas, derrubadas ou inadecuadas).

A resolución remitiráselle ó Rexistro da Propiedade e notificaráselles ó propietario e ós interesados.

A resolución publicarase no taboleiro de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

#### Art. 6. Expediente de valoración.

A inclusión dun soar ou predio no rexistro implicará a iniciación do expediente de valoración, cuxo resultado final se fará constar no mesmo Rexistro.

#### Artigo 7. Ámbito territorial de aplicación.

O ámbito de aplicación desta ordenanza comprende a totalidade do termo municipal de Lugo.

### TÍTULO II. REXISTRO MUNICIPAL DE SOARES E EDIFICIOS QUE CÓMPRE REHABILITAR.

#### Artigo 8. Concepto.

O rexistro municipal de soares e edificios que cómpre rehabilitar ten a consideración de rexistro administrativo, de carácter público, e está constituído por todos aqueles inmobles, tanto soares como edificios, que se inclúan nel por resolución administrativa ditada polo órgano municipal competente.

O libro de rexistro é o soporte físico documental en que quedan inscritos todos os inmobles incluídos no Rexistro. As certificacións que dos seus datos se expidan terán o carácter de documento público para todos os efectos administrativos, con valor probatorio.

Créase coa finalidade de incluír os soares e as construcións en ruína, inadecuadas, derrubadas ou paralizadas, como medio de instrumentar a edificación ou rehabilitación forzosa nos casos de incumprimento dos deberes urbanísticos de edificación nos prazos establecidos.

#### Artigo 9. Organización.

O rexistro municipal de soares e edificios que cómpre rehabilitar organízase en dous libros en función dos ámbitos que abranguen:

- \* Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior (PEPRI).

- \* Resto do termo municipal.

Así mesmo, estes libros estarán divididos en dúas seccións:

- \* De soares.

- \* De edificacións declaradas en ruína, paralizadas, derrubadas e inadecuadas.

#### Artigo 10. Supostos de inclusión.

Poderán ser incluídos no rexistro de soares os supostos descritos no artigo 2 desta ordenanza: Soares non edificados, construcións paralizadas, ruinosas, derrubadas ou inadecuadas.

Poden inscribirse todos os soares e edificios suxeitos a edificación forzosa, entendendo por tales:

a) Soares non edificadas, que carecen na súa totalidade de construcións, permanentes ou a parte destes non utilizada e susceptible de aproveitamento, de conformidade coa normativa urbanística.

b) Construcións paralizadas, que son aquelas obras que quedan abandonadas ou suspendidas, considerándose paralizadas as construcións en que transcorra un mes desde a declaración oficial de abandono ou suspensión das obras sen que se renoven ou polo transcurso de dous anos desde o momento real de abandono ou suspensión. Sempre de conformidade co disposto na lexislación vixente e cumprindo os requisitos nesta sinalados, non computará para os efectos deste precepto o tempo de paralización da construción que estivera causado por ordes administrativa ou xudiciais de paralización ou suspensión.

c) Edificacións derrubadas, aquelas nas que conorra algún destes dous supostos:

1) Edificacións nas que desapareza como mínimo o 50 por 100 do volume aproveitable da construción.

2) Edificacións declaradas inhabitables en máis dun 50 por 100 de capacidade.

d) Edificacións ruinosas, que son as así declaradas conforme á lexislación vixente. A declaración de ruína leva a inscrición de oficio no rexistro de soares.

e) Edificacións inadecuadas, que son aquelas que estean destinadas, en máis dun 50 por 100 da superficie construída, a un uso urbanístico contrario ó establecido no planeamento.

Artigo 11. Clases e contido de cada asentado.

O rexistro expresará, respecto de cada edificio ou soar, as circunstancias recollidas no anexo desta ordenanza (localización, referencia catastral, data do acordo de inclusión no Rexistro, etc.).

Órganos competentes.

Artigo 12. Atribucións da Alcaldía.

Consonte o previsto na vixente normativa sobre réxime local, ó Alcalde ou concelleiro en quen delegase a competencia para ditar ordes de inclusión, correspóndelle o exercicio das seguintes atribucións relativas ó rexistro municipal de soares e edificios que cómpre rehabilitar:

\* Incoar o procedemento de inclusión no rexistro.

\* Ditar ordes de inclusión no rexistro municipal de soares e edificios que cómpre rehabilitar.

\* Ditar ordes de cancelación no rexistro municipal de soares e edificios que cómpre rehabilitar.

\* O visto e prace das dilixencias de apertura e peche de cada tomo.

\* O visto e prace de cada unha das follas do libro de rexistro, unha vez que sexan transcritos mecanicamente os datos correspondentes a cada predio obxecto de inscrición.

\* O visto e prace de cada unha das follas do libro de rexistro unha vez que sexan transcritos mecanicamente os datos correspondentes a cada predio obxecto de cancelación.

te os datos correspondentes a cada predio obxecto de cancelación.

- O visto e prace das certificacións que soliciten os interesados ou se expidan de oficio para a súa remisión ó Rexistro da Propiedade.

- Ditar as instrucións que foran necesarias para a xestión deste rexistro.

- As demais que lle atribúan as Leis, consonte o disposto no artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, introducido pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno Local.

Artigo 13. Funcións do órgano de apoio á Xunta de Goberno e ó/a concelleiro/a Secretario/a (vicesecretario/vicesecretaria municipal).

Ó abeiro do previsto na vixente normativa sobre réxime local, ó titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno e ó/a concelleiro/a Secretario/a (vicesecretario/vicesecretaria municipal), ou funcionario en quen se delegase para dar fe nas resolucións de inclusión, correspóndenlle as seguintes funcións relativas ó libro do rexistro municipal de soares e edificios que cómpre rehabilitar:

\* Levar e custodiar o libro de rexistro.

\* Autorizar coa súa sinatura as dilixencias de apertura e peche de cada tomo.

\* Autorizar coa súa sinatura cada unha das follas do libro de rexistro unha vez transcritos mecanicamente os datos correspondentes a cada predio obxecto de inscrición ou de cancelación.

\* Expedir certificacións do contido do libro de rexistro solicitadas polos interesados nos termos indicados na normativa vixente.

\* Expedir de oficio certificacións das ordes de inclusión e do contido do libro de rexistro para a súa remisión ó Rexistro da Propiedade.

Artigo 14. Tramitación de expedientes.

Corresponde á área que teña competencias en materia de urbanismo a tramitación dos expedientes de inscrición no rexistro de soares.

Artigo 15. Carácter público.

O rexistro municipal de soares e edificios que cómpre rehabilitar ten a natureza de rexistro público de carácter administrativo, polo que deberá manterse en condicións de pública consulta, ó dispor de calquera cidadán sen que para tal efecto resulte esixible acreditar a condición de interesado.

O dereito de acceso á información contida no rexistro exercerase nos termos previstos pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e demais normativa que resulte de aplicación.

O rexistro, na medida que os medios técnicos o permitan, levarase en soporte informático apto para a súa publicación e acceso por vía telemática e internet, salvagardando sempre a veracidade e inalterabilidade dos

datos inscritos. Os datos identificativos, descritivos e gráficos dos soares e edificios serán de libre acceso a través da páxina web do Concello, salvo os datos de carácter persoal.

Artigo 16. Expedición de certificacións e notas informativas.

As certificacións do libro de rexistro que se emitan serán transcripción íntegra e literal dos asentos correspondentes a cada soar ou edificio incluído no libro do rexistro municipal de soares e edificios que compre rehabilitar que os interesados sinalen ou, se é o caso, certificacións que acrediten a inexistencia de asento ningún sobre o soar ou edificio.

As certificacións expediranse por solicitude do interesado, formulada por escrito, indicando o predio ou predios concretos a que se refiren, facendo constar a súa rúa e número. A súa expedición producirase, logo do pagamento da taxa correspondente, consonte o disposto na respectiva ordenanza fiscal, coas formalidades previstas na vixente normativa sobre Réxime Local.

As certificacións serán expedidas polo titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno e ó/á Concelleiro/a Secretario/a (Vicesecretario/Vicesecretaria municipal) ou funcionario no que delegue co visto e prace do Alcalde ou concelleiro en quen estea delegada a competencia para ditar ordes de inclusión.

Por solicitude do interesado poderán tamén expedirse notas informativas, igualmente logo do pagamento da taxa correspondente, consonte o disposto na respectiva ordenanza fiscal. Non obstante, na súa confección, non deberán observarse as formalidades previstas para as certificacións na vixente normativa sobre Réxime Local, senón que será suficiente a sinatura do funcionario encargado da súa expedición.

O seu contido será unicamente informativo e carecerán, en todo caso, de carácter vinculante para a Administración e de valor probatorio.

Artigo 17. Da comunicación ó Rexistro da Propiedade.

Consonte o disposto no Real Decreto 1.093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ó Regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística, a orde de inclusión de inmoables no rexistro municipal de soares e edificios que cómpre rehabilitar notificarase ó Rexistro da Propiedade, coa finalidade de estender a publicidade rexistral á situación urbanística do predio.

Para este efecto, remitirase ó Rexistro da Propiedade unha certificación que conteña a transcripción literal da resolución administrativa que ordene a inclusión do predio no rexistro municipal de soares e edificios que cómpre rehabilitar, unha vez sexa firme en vía administrativa, facendo constar que se practicaron as notificacións ós titulares rexistrais así como os datos de inscrición no rexistro administrativo.

Se o inmoable incluído no rexistro de soares non estivese inmatriculado no Rexistro da Propiedade ou non constara o nome do propietario, estenderase anotación

preventiva, que caducará ós catro anos. Seguidamente a esta anotación preventiva, o Alcalde requirirálles ós interesados para que acheguen a documentación necesaria para emendar aquel defecto e, noutro caso, se incoará o procedemento oportuno en nome do propietario e a súa custa.

Artigo 18. Expropiación do inmoable.

Transcorridos dous anos desde a inscrición sen que se dese cumprimento ó deber de edificar ou, se é o caso, de rehabilitar, decretarase a edificación forzosa do soar ou, se é o caso, a rehabilitación forzosa, ben de maneira directa, a través dunha sociedade urbanística, ou a través dun particular, procedendo en calquera dos casos a expropiar o inmoable na forma prevista no artigo 191 ou 192 da Lei 9/2002 de Galicia.

Para o caso de que o Concello opte pola xestión por un terceiro da actuación poderá convocar un concurso público na forma prevista no art. 193 da Lei 9/2002 de Galicia.

Artigo 19. Normativa aplicable.

No non previsto neste ordenanza, estarase ó disposto no articulado do Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do solo, no Real Decreto 1.346/1976, do 9 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre

Réxime do Solo e Ordenación Urbana, no Decreto 635/1964, do 5 de marzo, aprobatorio do Regulamento de edificación forzosa e rexistro municipal de soares, e demais normativa aplicable, así como no disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. Tamén se aplicará a lexislación reguladora do Réxime Local e os regulamentos que a desenvolven, os preceptos que regulan a contratación das Corporacións Locais, así como a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Disposición transitoria.

En tanto non se rectifique a ordenanza fiscal reguladora de taxas coa inclusión das oportunas relativas ó rexistro de soares e edificios inadecuados, aplicaranse as actualmente vixentes para o ano fiscal 2009 relativas á expedición de documentos administrativos, certificacións e outras análogas que sexan de aplicación ás actividades administrativas que, en relación con este, solicite calquera persoa física ou xurídica que teña consideración de suxeito pasivo das ditas taxas.

Disposicións finais.

Primeira.

Este Regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Segunda.

A Alcaldía está facultada para ditar cantas instrucións sexan necesarias para a interpretación e aplicación deste Regulamento.

## ANEXO

**DATOS REXISTRO MUNICIPAL DE SOARES:**

Libro: Tomo: Sección: Predio nº:

**DATOS DE SITUACIÓN**

Localización:  
Distrito: Barrio:

**DATOS CATASTRAIS**

Referencia: Superficie:

**DATOS REXISTRAIS:**

Rexistro:

Libro: Tomo: Folio: Predio: Inscripción:

Descrición (lindeiros):

**DATOS ADMINISTRATIVOS**

Nº de expediente administrativo:

Orde de edificación (prórrogas):

Declaración de situación ruína/Orde de execución incumprida:

Declaración de incumplimento:

Orde de inclusión:

Motivo da inclusión:

Outras resolucións administrativas:

Cancelación da inscrición:

Motivo da cancelación:

Observacións:"

## Administración de Justicia

### Juzgados de Primera Instancia e Instrucción

MONDOÑEDO NÚM. 2

4594K.

N.I.G.: 27030 1 0200790/2009.

Procedimiento: EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 0001.080/2009.

Sobre: OTRAS MATERIAS.

De D. CARLOS ALBERTO OTERO IGLESIAS.

Procurador Sr. LUIS RAMON CASTAÑEDA GUTIERREZ.

Contra Dña. MARIA JESUS OTERO IGLESIAS, REYES OTERO IGLESIAS, MILAGROS OTERO IGLESIAS, ANA MARIA OTERO IGLESIAS.

Procurador Sr. MANUEL CABADO IGLESIAS, MANUEL CABADO IGLESIAS, MANUEL CABADO IGLESIAS, MANUEL CABADO IGLESIAS.

Edicto

D. AGUSTIN ARTIME VELARDE, Secretario del Juzgado de Primera Instancia nº 002 de MONDOÑEDO.

HAGO SABER: Que en el proceso de ejecución seguido en dicho Juzgado con el nº 0001.080/2009 a instancia de D. CARLOS ALBERTO OTERO IGLESIAS REPRESENTADO POR EL PROCURADOR SR. CASTAÑEDA GUTIÉRREZ contra DÑA. MARIA JESUS OTERO IGLESIAS, DÑA. REYES OTERO IGLESIAS, DÑA. MILAGROS OTERO IGLESIAS y DÑA. ANA MARIA OTERO IGLESIAS se ha acordado sacar a pública subasta, por un plazo de veinte días, los bienes que, con su precio de tasación se enumeran a continuación:

**BIENES QUE SE SACAN A SUBASTA Y SU VALORACIÓN**

1.- Casa de planta baja, dos pisos altos y desván, con un terreno unido de 40 metros cuadrados aproximadamente, en realidad según dicen de 50 metros cuadrados, sita en la C/. Puente nº 19 de Mondoñedo.

Inscrita en el Registro de la Propiedad de Mondoñedo, al tomo 382, libro 81, folio 202, finca registral nº 7.514.

2.- El valor objeto del bien a subasta es de 30.000 euros, no se admitirán posturas que no superen el 75% de dicha cantidad.

La subasta tendrá lugar en la sede de este Juzgado sito en ALCANTARA, S/N MONDOÑEDO el día 17/11/09 a las 10:30 horas.

**CONDICIONES DE LA SUBASTA:**

1.- La presente subasta se anunciará con al menos veinte días de antelación a su celebración en el BOP y en el Diario El Progreso de Lugo, así como en el tablón de anuncios del Juzgado, siendo los gastos derivados de dichas publicaciones por cuenta del adjudicatario.

2.- Para participar en la subasta será necesario depositar previamente en la cuenta nº 2305000005108009 de la entidad Banesto el 20% de la cantidad establecida como tipo para la subasta, sin que se pueda tomar parte sin acreditar el cumplimiento de tal requisito.

De este depósito se excluye a los copropietarios de la finca objeto de subasta.

No se devolverán tales consignaciones, reservándose en depósito hasta que se haya aprobado el remate, a efectos de que pueda efectuarse a favor del siguiente postor al adjudicatario que no cumpla con su obligación de entregar el resto del precio, por ello en el acto de la subasta se recogerán todas las pujas que se efectúen indicando la persona que la realiza.

3.- Se entenderá que todo licitador acepta como bastante la titulación acepta como bastante la titulación existente o que no existan títulos.

4.- Para el supuesto de no haber licitadores en la subasta que alcancen el precio mínimo establecido, se suspenderá ésta y se abrirá una licitación en el mismo acto entre los copropietarios en la que se puede pujar sin límite mínimo alguno.

5.- El adjudicatario de la finca deberá consignar la diferencia entre el depósito y la cantidad ofrecida en el plazo máximo de tres días, de no hacerlo perderá la suma depositada y se adjudicará al siguiente postor.

6.- El reparto del precio obtenido se hará con arreglo a la participación que ostenta cada uno de los interesados en el bien inmueble objeto de subasta debiendo de computarse a favor de don Carlos Alberto Otero Iglesias, las participaciones que ostenta en pleno dominio y la que le corresponde en concepto de usufructo, debiendo esta última computarse con arreglo a la Ley del Impuesto de Sucesiones, una vez deducidos los gastos, los cuales serán de igual modo satisfechos en proporción a la participación que ostenta en la finca litigiosa.

7.- Si por fuerza mayor, causas ajenas al Juzgado, o por error se hubiere señalado un domingo o día festivo y no pudiera celebrarse la subasta en el día y hora señalados, se entenderá que se celebrará el día siguiente hábil a la misma hora, exceptuando los sábados.

En MONDOÑEDO, a tres de septiembre de dos mil nueve.- EL SECRETARIO, ilegible.

R. 05538

### Juzgado de lo Social núm. 3 de Lugo

N.I.G.: 27028 44 4 2008 0001070.

01000.

Nº AUTOS: /0000328/2008.

Nº EJECUCIÓN: 114/2008.

MATERIA: DESPIDO.

DEMANDANTE: JOSE LOPEZ MACIA.

DEMANDADO: LUIS ANGEL SANCHEZ GOMEZ.